

***La industria del gas en Galicia:  
del alumbrado por gas al siglo XXI, 1850-2005***

A. MARTÍNEZ [coord.] / J. MIRÁS / E. LINDOSO  
Barcelona: LID / Fundación Gas Natural. 2009  
[446 páxinas]

*Recibido:* 11 de xaneiro de 2011

*Aceptado:* 18 de marzo de 2011

O presente traballo colectivo, cuxos autores pertencen ao Grupo de Estudos de Historia da Empresa da Universidade da Coruña, analiza a evolución da industria do gas en Galicia desde o ano 1850. En certa medida, este libro inscríbese nunha liña de reflexión xa desenvolvida previamente con gran rigor por algúns dos seus autores en *Aguas de La Coruña 1903-2003. Cien años al servicio de la ciudad*, arredor da problemática sobre a introdución e a posterior evolución dos servizos públicos nos principais municipios galegos. Nesta ocasión, é outro o ámbito sectorial e outra a escala xeográfica que se toma como referencia, o que terá repercusións no nivel analítico. O traballo divídese en tres partes, que se corresponden coas etapas históricas que os autores consideran como claramente delimitadas na evolución desta industria galega.

A primeira parte aborda a época en que a industria do gas se desenvolveu en forma de monopolio enerxético regulado, aproximadamente ata o ano 1890. Os seus primeiros catro capítulos analizan con detalle a xestión, a aplicación e os resultados da implantación do servizo de gas para a iluminación pública nas principais urbes galegas que lograron implantalo –A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo–, mentres que un quinto capítulo cerra esta parte cunha visión de conxunto. Coma noutras cidades españolas, este proceso de implantación foi longo, laborioso e normalmente suxeito a diversos intentos frustrados, debido ao carácter especulativo das primeiras concesións. De feito, hai que destacar que a utilización do gas obtido do carbón para a iluminación das rúas representou o primeiro servizo público en rede que se implantou nas cidades europeas, e que como tal servizo público pioneiro, cunha tendencia natural ao monopolio, supuxo un desafío importante en materia reguladora para moitos municipios. Por outro lado, e tendo en conta o escaso tamaño das cidades galegas e a debilidade das súas burguesías autóctonas, as compañías que xestionaban o servizo foron en realidade as primeiras grandes empresas que se instalaron nos ditos núcleos urbanos, e como tales representaron unha importante fonte de aprendizaxe organizativa para as elites empresariais locais.

Concretamente, produciuse unha forte tensión entre o carácter público do servizo ofertado e a necesidade de alcanzar un certo nivel de rendibilidade por parte das empresas concesionarias, que en todos os casos foron foráneas. A concesión mo-

nopólica era un primeiro paso para elas, que precisaban, ademais, un nivel mínimo de demanda que permitise cubrir os considerables custos fixos destas infraestruturas. En consecuencia, baixo diversos parámetros, os seguintes compoñentes do marco regulador constituíron aspectos decisivos nas negociacións entre os concellos e as empresas concesionarias: a duración da concesión, a mellora tecnolóxica do servizo, a cesión de solo industrial, a exención de impostos municipais sobre os inputs utilizados no proceso de fabricación, o establecemento dun número mínimo obrigatorio de farois que contratar (así como a cesión gratuíta dos que anteriormente funcionaban con aceite ou con petróleo), o seu horario de funcionamento, as tarifas públicas e privadas, o tratamento dos atrasos e non pagamentos por parte das arcas municipais, os plans de expansión da rede e a súa difusión entre os particulares, a distancia entre os puntos de luz, os prazos para a posta en marcha do servizo, a reposición dos pavimentos de rúas e de beirarrúas, o control da calidade da iluminación ou os dereitos de tanteo para renovar ou para estender a concesión.

O primeiro convenio asinado –o coruñés no ano 1853– foi o menos homologable cos restantes, moito máis tardíos. As condicións herculinas foron moito máis favorables ao interese público ca nos convenios restantes, o que probablemente se engadía a outros factores non asociados ao marco regulador que incidían na evolución da rendibilidade, como o maior tamaño relativo da cidade, a súa maior densidade demográfica, as expectativas de crecemento urbano, o nivel de renda, o grao de desenvolvemento do tecido produtivo, o dinamismo das súas elites económicas ou a accesibilidade marítima da materia prima, que procedía especialmente de Gran Bretaña.

A segunda parte analiza a evolución da industria galega de gas, durante o período histórico en que conviviu coa competencia da electricidade, ata a Guerra Civil. Novamente, en catro capítulos analízase a transición enerxética que experimentou o servizo de iluminación pública das catro cidades galegas que optaron previamente polo gas. Entre os anos 1890 e 1914, ambos os sistemas enerxéticos comezaron a convivir, ata que o cambio técnico se intensificou e as condicións competitivas mudaron. Particularmente no caso galego, a adopción de técnicas hidráulicas reduciu substancialmente os custos de produción da xeración eléctrica. Porén, non necesariamente se produciu un escenario de fortes conflitos entre as empresas que xestionaban o tendido de ambas as dúas redes de servizos, senón que máis ben se constatou unha certa coexistencia entre elas, xa que as primeiras sociedades eléctricas comezaron circunscibindo a subministración a particulares, mentres que as empresas de gas atendían a iluminación pública. Co tempo, mesmo a subministración eléctrica foi asumida polas propias compañías de gas, grazas a dúas propiedades reguladoras das concesións que tiñan establecidas cos municipios: o monopolio e a cláusula de progreso. Con todo, foron as loitas de poder e a situación financeira dos concellos as que condicionaron a evolución posterior dos acontecementos.

Con anterioridade á Primeira Guerra Mundial, chegouse a formular a municipalización dos servizos de iluminación pública na Coruña e en Santiago de Compostela, aínda que ese intento rematou fracasando debido á súa imposibilidade finan-

ceira. En boa medida, o elevado endebedamento municipal forzou as empresas de gas a abandonar a subministración deste servizo público, o que lles permitiu ás sociedades eléctricas propoñer a súa provisión. O que comezou sendo unha adxudicación transitoria acabou converténdose nun compromiso de longo prazo. Por outra parte, a guerra europea provocou o peche dalgunhas instalacións e unha forte crise de produción na fábrica coruñesa, debido á escaseza e ao encarecemento da materia prima, e ás dificultades e aos elevados custos do transporte. Paralelamente, a inflación consecuenta tamén desalentou a demanda dos particulares, o que foi aproveitado pola industria eléctrica na medida en que os seus custos de produción evolucionaron en sentido contrario. A partir dos anos vinte, aínda que a evolución dos prezos mellorou as condicións competitivas das empresas do gas, os procesos de concentración empresarial no sector eléctrico facilitaron a súa expansión. Mediante a súa absorción, as compañías eléctricas se foron apoderando das instalacións das empresas de gas. Con oscilacións conxunturais, no preámbulo da Guerra Civil o mercado enerxético galego atopábase controlado por dúas grandes empresas: a *Sociedad General Gallega de Electricidad* (SGGE) e as *Fábricas Coruñesas de Gas y Electricidad* (FCGE), ambas as dúas controladas polo Banco Pastor.

A terceira parte do libro trata en dous capítulos ordenados cronoloxicamente desde o período posterior á Guerra Civil ata a actualidade. Ao estoupar o conflito, subsistían dúas fábricas de gas en Galicia: a da Coruña e a de Vigo. As dificultades para o abastecemento de hulla británica intensificáronse na posguerra, o que provocou cortes frecuentes na subministración de gas e o encarecemento do servizo –ao ser o carbón nacional de calidade inferior–. No ano 1943, a fábrica coruñesa só xerou gas de iluminación pública e unicamente durante tres horas diarias. Por outro lado, hai que ter en conta que os prezos do servizo estaban intervidos, o que provocou un problema de atrasos tarifarios con respecto ás variacións do prezo do carbón e da man de obra. Nestas circunstancias produciuse unha importante transformación nos sistemas de fabricación de gas nas cidades coa irrupción da bombona de butano, que representou o golpe de graza para esta industria tradicional.

O último capítulo desta parte aborda a implantación do gas natural en Galicia a partir dos anos noventa. A Comunidade Autónoma carecía dunha distribución de gas canalizado desde a desaparición das fábricas coruñesa e viguesa nos anos cincuenta. No Plan Enerxético de Galicia (1995), a introdución do gas natural concibiuse como a solución máis atractiva para substituír os derivados petrolíferos. Finalmente, a extensión das redes de gas correu a cargo de Gas Natural a través das súas filiais: Gas Galicia e Gas Coruña. A gasificación galega (cuxo eixe principal é o gasoduto Tui-Vilalba-Llanera) deseñouse con dous puntos de conexión coa rede ibérica de gasodutos, polo que quedou facultada para recibir gas africano, noruegués e australiano. O ambicioso proxecto de gasificación, cunha rede de gasodutos de 614 km de lonxitude que atravesa todo o territorio, representou un investimento moi custoso debido ás características orográficas, o que significou un forte endebedamento das mencionadas empresas filiais. Por outro lado, a planta de regasificación de Reganosa en Mugar dos supuxo unha entrada propia ao sistema ibérico de

gas natural. Con todo, a rede permanece incompleta. Os plans de gasificación privilexiaron o eixe atlántico, mentres que as provincias orientais constituíron as grandes esquecidas. Espérase que nos próximos anos esta situación se corrixa.

Para finalizar, gustaríanos realizar algúns comentarios persoais sobre a obra. En primeiro lugar, debemos destacar a calidade e o rigor da investigación, que se pon en evidencia fundamentalmente no tratamento das fontes historiográficas e no estudo comparativo doutras experiencias españolas. Dentro desta faceta, tamén resalta o tempo empregado na análise comparativa das experiencias locais no ámbito galego, que especialmente no caso dos dous primeiros períodos históricos resulta fortemente relevante. En segundo lugar, hai que subliñar a achega metodolóxica do traballo, ao introducir unha análise da evolución sectorial a partir do estudo do marco regulador e institucional a escala local. Por último, tamén cremos importante destacar a excelente presentación da información estatística dispoñible e dos anexos documentais, que se achegan ao final do libro.

Polo que respecta ás consideracións máis críticas, que en nada desmerecen a relevancia e o rigor da obra, podería mencionarse a necesidade dunha maior contextualización de cada fase histórica en función das políticas enerxéticas que condicionaron a evolución do sector de forma tan significativa como os cambios regulatorios, así como unha presentación máis didáctica e ilustrativa das características técnicas dos procesos de fabricación analizados no libro. Por outro lado, non estaría de máis unha presentación gráfica e/ou estatística das características da estrutura enerxética española e galega, que permitiría contextualizar máis claramente os fenómenos estudados e as decisións adoptadas polos diversos axentes. Por último, resulta curioso que, a medida que se avanza cronoloxicamente no traballo, se rebaixe progresivamente o ton crítico da análise ata o punto de que, por exemplo, se cita o espiñento asunto de Reganosa sen facer mención ningunha ao problema de economías externas negativas que se asocian á actividade da planta de regasificación.

ALFREDO MACÍAS VÁZQUEZ  
Universidade de Santiago de Compostela